

***José Raposeiras Correa***

***A FORTALEZA DO CASTRO  
SINAL DE IDENTIDADE DA TERRA DE MONTES***

**Breve recensión histórica e localización**


Como doazón da raíña de Castela e León, dona Urraca, ó arcebispo Xelmírez, na Alta Idade Media -concretamente entre os anos 1110 e 1115- a **Terra de Montes** pasou a depender da diocese compostelá. Esta cesión sería confirmada máis adiante por Alfonso VII, en concreto no ano 1188, xunto coa **Terra de Tabeirós**. Nestas terras levantáronse unhas torres dende as que se vixiaban as posesións que gobernaban os arcebispos. Deste xeito, a Terra de Tabeirós controlouse a través da **Torre da Barreira**, situada na freguesía de San Martiño de Riobó (A Estrada) e, a Terra de Montes dende a **Torre-Fortaleza do Castro**, levantada case no centro xeográfico da comarca, en San Miguel de Presqueiras.

Nas publicacións que aparecen ó respecto do que foi crego de San Pedro de Campañó e cronista oficial do Concello de Forcarei -o finado de D. **Antonio Rodríguez Fraiz**- éste comentábanos que ámbalas dúas torres tiñan unha historia e un emprazamento parecidos, levantáronse ó mesmo tempo, o

plano era idéntico e o destino tamén era o mesmo.

Así pois, o arcebispo Xelmírez mandou erguer encol dun castro celta -de aí o seu nome- a **Torre-Fortaleza do Castro de Montes** (o Arcebispado de Santiago de Compostela aínda é hoxe o propietario dunha pequena leira -na que estaba situada a Torre- correspondente á parcela nº 519 segundo nos consta no plano de propietarios da parroquia de San Miguel de Presqueiras).

Dende estas datas -século XII- o **centro administrativo e símbolo de soberanía** sobre a citada comarca sería a *Fortaleza do Castro de Montes* en Presqueiras (Forcarei), cunha situación xeográfica e defensiva privilexiada, na península que rodea o río do Castro (afluente do Lérez).



*Plano da Torre-Fortaleza do Castro 1*

Despois da restauración que fixeran os **Fonseca**, como trataremos máis adiante, ata os anos 1582 / 1583 conservouse o castelo en bo estado ou alomenos tiña o tellado, segundo nos di o **Cardenal Jerónimo del Hoyo**. Este cardenal visitou a fortaleza en 1607, por orde de **Maximiliano de Austria**, facendo a seguinte descripción: *La fortaleza de Montes esta en la*

<sup>1</sup> Seccións de Ciencias Eclesiásticas e Estudos Xacobeos (Rodríguez Fraiz, 1971: 338).

*felegresia de San Miguel de Presqueiras, rodeada de un río, con su barbacana. No tiene más que las paredes y estas arruinadas por muchas partes* (Rodríguez Fraiz, 1971: 337, citando a Ángel Rodríguez e Benito Varela “**Memorias del Cardenal Jerónimo del Hoyo**”, páxina 12).

Na actualidade só quedan algúns restos dos muros e a **Capela da Virxe dos Remedios** -século XVII- de fachada barroca, obra dos mestres de cantería **Pedro de Arén, José Nieto e Domingo Antonio Sieiro**, que eran veciños do Concello de **Cerdedo**. Esta capela ten un pequeno altar plateresco de factura e pintura popular e no seu interior consérvase a imaxe de **Nosa Señora do Castro** (século XV), policromada, duns cincuenta centímetros de altura e de estilo gótico.




*Capela do Castro*

## **O papel dos xuíces-meriños**

A Torre-Fortaleza do Castro ía servir de residencia, **vivenda para o xuíz-meriño e tamén para os servidores e soldados** que contribuirían

a axudarlle na *conservación da xurisdicción, cobrar impostos, administrar xustiza e facela cumprir*. Así, dende esta torre, os xuíces-meriños **governaban e percibían rentas dos campesiños para o Arcebispado e maila Coroa**, cun poder soamente recortado polas capacidades xurisdiccionais dos mosteiros (por exemplo o de Acibeiro, dentro da comarca).



*Castro de Montes 2*

Este castelo e torre señorial, que tiñan forma de planta rectangular, estaban situados na parte alta do terreo (aproximadamente no centro da península do castro). Unha vez feita a cesión das terras ó arcebispado, a forma de goberno establecida pola *mitra compostelá* para a comarca, levouse a

---

<sup>2</sup> Reconstrucción conxectural elaborada no ano 1969 polo artista pontevedrés Agustín Portela (Rodríguez Fraiz, 1971: 340).

cabo coa mediación dos chamados **xuíces-meriños** ata o ano 1811.

O primeiro xuíz-meriño da Terra de Montes foi **Suero Froilaz**, nomeado para o cargo polo arcebispo Diego Xelmírez, tal e como figura no **documento de confirmación dos bens, privilexios e exencións** á Igrexa de Santiago (concesión do monarca Fernando II que expide Alfonso VII en Zamora, o 4 de maio de 1188).

*Escudo do xuíz-meriño Manuel de Ogando e Barros (século XVIII) <sup>3</sup>.*



### **A presenza de Fernán Pérez Churruchao**

A xustificación ou o porqué de chamarlles "**Churruchaos**" ós veciños de *San Miguel e Santa Mariña* de **Presqueiras** xorde a partir do xuíz-meriño *Don Fernán Pérez de Deza-Churruchao*, sendo así esta a orixe do alcume co que aínda hoxe se nos coñece. Este xuíz-meriño foi o autor material do asasinato do arcebispo **Suero Gómez de Toledo**, unha tarde do 29 de xuño de 1366, na Praza do Hospital (detrás do altar do Apóstolo). *Los churruchaos de Deza, no les diré yo de cierto su propia casa, porque ellos fueron*

---

<sup>3</sup> Atópase nunha casa particular de Santa Mariña de Presqueiras (Alfonsín). Este xuíz, procedente dunha distinguida familia de **Pardesoa e Presqueiras**, tiña **casa e escudo** en ámbalas dúas parroquias.


*señores de Deza y Tras-Deza y de Borraxeiros y porque en estas y Castro de Montes y todas las otras veetrías, y no sei en estas comarcas haya solar antiguo. Borraxeiros no fue gran casa que digamos que era la casa de ellos, dudolo porque el apellido es Rodeiro y creo que era la propia casa de ellos...* (Rodríguez Fraiz, 1971:348, citando a Vasco da Ponte).

As liortas dinásticas e as pretensións ao trono entre o rei Pedro I e os seus irmáns xunto co control do poder á igrexa, fixo que o rei –unha vez cometido o asasinato do citado arcebispo Suero Gómez de Toledo- se apoderase das Torres de Montes, entregándollas ó cabaleiro Fernando de Castro que pasaría a ser tamén xuíz-meriño da xurisdicción de Montes. De tódolos xeitos, dado que estas terras estaban moi apartadas do lugar donde se levara a cabo o crime do arcebispo (Santiago) e para desprezia-las leis canónicas e ao arcebispado (loitas entre o poder civil e eclesiástico como xa dixemos), Fernando de Castro propuso como xuíz-meriño e responsable da fortaleza -co consentimento do rei- ao autor material do homicidio, o xa nomeado Fernán Pérez Churruchao, malia que seguía co severo castigo da excomuniión.

### **A reconstrucción da fortaleza**

O derrubamento da Torre do Castro de Montes prodúcese tralas chamadas Guerras Irmandiñas (divisións e loitas entre si dos señores, levantamentos dos campesiños...) entre os anos 1467 e 1476. Unha vez recuperadas as terras, os fortes e os señoríos, cumpría reedificala. O papel das reconstruccións -segundo nos consta- correspondeulles nas primeiras etapas ós xuíces-meriños de apelido **Fonseca** (Alonso de Fonseca II e III). Tendo en

conta estas e outras restauracións posteriores, conservouse a fortaleza nun estado bastante aceptable, como xa dixemos con anterioridade, ata os anos 1582 ou 1583.



*O outro escudo de Manuel de Ogando e Barros* <sup>4</sup>

### **A necesidade dunha nova ubicación: Soutelo de Montes**

A pesar das mencionadas reedificacións e doutras posteriores, o *Castro de Presqueiras* seguía sen reuni-las condicións mínimas de habitabilidade e de seguridade. Deste xeito, o xuíz -meriño **Pedro de las Landeras** fíxolle ver ó prelado a necesidade de construír unha casa decente, capaz e en mellor sitio para a comodidade do pobo xa que o Castelo tiña un acceso difícil. Buscouse así un lugar máis céntrico e mellor comunicado con toda a xurisdicción: **Soutelo de Montes**. Aquí, concretamente no lugar de Soutelo de Arriba (pertencente naqueles intres


---

<sup>4</sup> Consérvase hoxe preto da igrexa de Santiago de Pardesoa (case abandonado no lugar, foi recollido polo Mestre de Ensino Primario D. Eugenio López González).

á freguesía de Pardesoa), o arcebispo Sanclemente -a finais do século XVI- mandou construí-la *Casa-Torre Arcebispal de Montes* para **vivenda dos xuíces- meriños**, onde se asentaría ata a abolición das xurisdiccións especiais no ano 1811.

### O último dos xuíces-meriños

Ó comeza-lo ano 1808 foi nomeado xuíz-meriño *Don Alonso de Soto Cortés e Varela Vahamonde*, nado o 16 de maio de 1771 -no **Pazo de Hermosende**- dentro da parroquia de Millerada, onde xacen tamén os seus restos mortais (faleceu o 16 de maio de 1844, xusto ós 73 anos de idade). A este célebre señor correspondeulle o honor de se-lo último dos xuíces-meriños de *Terra de Monte* así como o primeiro Alcalde do Concello de **Forcarei**.



*Escudo da familia Soto-Varela e Ogando* 5

---

5 Igrexa parroquial de Millerada (dentro da Capela Familiar).



## Consideracións a modo de reflexión final

Ó meu modo de ver, cómpre seguir investigando e explorando nos restos que aínda quedan do vello *Castelo do Castro* en Presqueiras así como na pegada que alí deixaron os xuíces-meriños. Non hai moitos anos apareceron, tralas excavacións realizadas para aparcamentos -preto donde estaba ubicada a Torre-, pedras labradas entre o rebo. Hoxe en día pódense observa-las bases da fortificación subindo dende o río ata o cume, pero atópase todo nun lamentable estado de conservación e de abandono. É unha mágoa non poder disfrutar dunhas paisaxes tan insólitas e fermosas e tan cheas de historia do noso pasado e da nosa memoria que nos identifica como pobo. Precisaríase pois facer algo a pesar de que a **Península do Castro**, onde estaba situada a Fortaleza, na súa meirande parte é de propiedade particular.



*O Pío* (paisaxe ó redor do Castro). Abril de 2004.

*¿Non existirá algo de despreocupación ou falta de interese pola recuperación dos seus restos, por parte de tódolos que de verdade amamos e sentimos esta Terra?.*

A tradición oral di que dende o patio interior do castelo partían camiños subterráneos que ían ao río, polo que se precisaría realizar unhas excavacións exhaustivas para contrasta-la veracidade destes ou doutros datos. Ademais, parece ser que os veciños sacaron a meirande parte das pedras para as súas casas ou para os cerrados das veigas.

## Bibliografía

Raposeiras Correa, J.: *A pegada dos Xuíces Meriños*. En: La Voz de Galicia (31 de xaneiro de 1998), pp. 32

- *A fortaleza do Castro: Sinal de identidade da Terra de Montes*. En: Diario de Pontevedra (8 de marzo de 1998), pp. 12 e O Correo Galego (15 de marzo de 1998), pp. 16 e 17.

Rodríguez Fraiz, A. (1971): *Tierra de Montes. Torre-Fortaleza do Castro y Jueces-Merinos*, Santiago de Compostela, Rev. Compostellanum.

Rozados, F. (1992): *Forcarei. No berce do Umia e do Lérez*, Pontevedra, Concellalía de Cultura do Concello de Forcarei e Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia.

\*\*\*\*\*

\*\*\*\*\*

Pontevedra, agosto de 2004

Asdo.: *José Raposeiras Correa*